

# **BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE CARETAS DE ANTROIDO**

O Concello de Xove, consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e ao obxecto de incentivar a participación cidadá nos actos programados para o Antroido, establece as normas reguladoras da participación, as axudas económicas e dos premios que se outorgarán aos participantes, de acordo coas seguintes

## **BASES**

### **PRIMEIRA.- DEFINICIÓN DO OBXECTO**

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do concurso de confección de caretas de antroido organizado polo Concello de Xove.

### **SEGUNDA.- REQUISITOS DOS PARTICIPANTES**

Poderá participar no concurso e ser beneficiario destas axudas calquer/a neno/a ou rapaz/rapaza empadroad/a no Concello de Xove en idade escolar (desde preescolar ata 4º de ESO)

A documentación a presentar será a seguinte:

-Ficha de inscrición establecida ao efecto

A ficha de inscrición deberá presentarse, xunto coa careta a concursar na Biblioteca Municipal coa data límite que se estableza na convocatoria anual.

### **TERCEIRA.- NORMAS DE ELABORACIÓN DAS CARETAS**

As postais deberán estar relacionadas con motivos de antroido.

Realizaranse en cartulina, folio ou calquera outro material que se axeite ao tamaño de un folio.

A técnica a empregar será libre: debuxo a lápis, rotuladores, ceras, collage, etc. Non se admitirán caretas prefabricadas que só requiran colorearse.

### **CUARTA.- COMPOSICIÓN DO XURADO**

O xurado estará composto por tres membros, seleccionados pola organización do concurso de entre os representantes das asociacións culturais, deportivas ou de outra índole, que consten inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

### **QUINTA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO**

A contía máxima destinada aos presentes premios é de 405 euros € (partida 334.481 do Estado de Gastos do Municipal).

#### SEXTA.- PREMIOS

Haberá cinco categorías: Preescolar (nenos/as de 3,4 e 5 anos); 1º e 2º de Primaria; 3º e 4º de Primaria; 5º e 6º de primaria e 1º a 4º de ESO. En cada unha destas categorías haberá tres premios, un primeiro, un segundo e un terceiro premio.

Os premios consistirán en lotes de material escolar cunha valoración mínima de 27,00 euros. O xurado poderá deixar deserto calquera dos premios, se así o considera oportuno. Neste caso, a contía total destinada aos premios poderá repartirse en partes iguais entre os gañadores.

De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

#### SÉTIMA.- PROCEDIMIENTO DE ENTREGA DE PREMIOS

Unha vez rematado o prazo de entrega de caretas, o xurado reunirse e levantará acta na que consten os premiados por orde decrecente e por categorías.

Sobre a acta do xurado, emitirase informe-proposta polo Técnico Municipal de Cultura, que se elevará ao Alcalde-Presidente, órgano competente para a concesión dos premios.

Pola súa consideración de premio en especie, o establecemento ou establecementos comerciais nos que se adquiran os lotes de material escolar, deberá emitir factura a nome do beneficiario do premio ou do seu titor legal. Non obstante dita factura será abonada polo Concello.

#### OITAVA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A presentación da ficha de inscrición supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estrutalmente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

#### DISPOSICIÓN FINAL

As presentes Bases permanecerán en vigor para os vindeiros exercicios en tanto en canto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Aprobación por Resolución de Alcaldía de 25 de xaneiro de 2017